




Educación Documental:

para unha adquisición gradual de competencias básicas (competencia lingüística, aprender a aprender, tratamento da información e competencia dixital)

O Manifesto IFLA/UNESCO da Biblioteca Escolar contempla entre os obxectivos da biblioteca escolar os seguintes:

- * *Ofrecer oportunidades para a utilización e produción de información que posibiliten a adquisición de coñecementos, a comprensión, o desenvolvemento da imaxinación e o lecer.*
- * *Apoiar ao alumnado na aprendizaxe e na práctica de competencias de avaliación e utilización da información, en calquera soporte, formato ou medio, tendo en conta as formas de comunicación máis usuais na súa comunidade.*
- * *Proporcionar acceso aos recursos locais, rexionais, nacionais e globais que lle permitan ao alumnado poñerse en contacto con ideas, experiencias e opinións diversas.*



Para moverse con fluidez entre os materiais informativos que a sociedade oferta, cómpre desenvolver unha serie de habilidades básicas xa dende os primeiros niveis da escolaridade.

Habilidades básicas

- **Saber identificar as necesidades de información**
- Saber que tipo de fontes de información, que **tipo de documento ou recurso contén previsiblemente os datos que se precisan.**
- **Saber chegar a esa fonte de información**, ser usuario eficaz dunha biblioteca real ou virtual e dos diferentes tipos de documentos que nela se poden atopar. Coñecer a forma en que están relacionados os diferentes medios de comunicación e fontes de información posibles.
- **Obter con eficacia e no menor tempo posible os datos que se precisan**, asociando o que se sabe cos novos datos, para obter unha información máis completa, máis significativa. **Facer unha lectura comprensiva dos textos**, en función dos obxectivos e as finalidades.
- **Reelaborar esa información obtida e empregala** para cubrir a necesidade que se presenta.



As directrices da IFLA/UNESCO para a biblioteca escolar - 2002, recollen os contidos da chamada "formación do usuario":

- * Coñecementos sobre a biblioteca; cal é a súa función; que tipos de servizos proporciona; como está organizada e de que tipo de recursos dispón.
- * Destrezas de busca e uso da información
- * Motivación para o uso da biblioteca en proxectos de aprendizaxe formais e informais



Á hora de deseñar programas de formación de usuarios/educación documental, cómpre ter en conta toda unha serie de contidos instructivos necesarios para a adquisición das habilidades que se pretenden:

Contidos instructivos esenciais na educación documental:

- desenvolvemento do razoamento verbal (distinción entre feito e opinión, comprensión e produción de argumentos, figuras retóricas, siloxismos e analoxías, lectura de gráficos, esquemas e mapas conceptuais)
- a orde alfabética
- asociación e relación entre as realidades
- ordenación e clasificación; criterios de ordenación e clasificación
- comprensión e uso de catálogos.
- índices e sumarios; menús despregables (en programas informáticos, páxinas web...)
- selección, organización e representación das ideas principais.
- elaboración de resúmenes.
- elaboración de esquemas e mapas conceptuais.
- revisión e avaliación do propio coñecemento.
- adquisición e uso dunha terminoloxía básica informativo-documental.
- planos e mapas
- gráficos, esquemas
- abreviaturas, siglas, lendas (dos mapas e planos), outros símbolos
- o hipertexto
- Elaboración de produtos de información documental: fichas de referencia, bibliografías, *dossiers*...
- Utilización de servizos telemáticos de información.
- Interese polas tarefas de aprendizaxe e formación permanente.
- Colaboración co grupo en tarefas de acceso á información.



Xogos de achegamento ás obras de referencia presentes nunha Biblioteca

- **Xogos para a apropiación do espacio.**
 - Xogos nos que teñan que situarse sobre un plano da Biblioteca, seguir un percorrido para atopar un libro dado.
 - "Seguindo a pista" dun personaxe dun conto
 - Buscar tódolos contos que tratan de princesas, de lobos, de avoas, de xigantes, de bruxas....
 - Buscar tódolos contos que transcorren no bosque, no mar, nas montañas, nunha cidade....
 - Á procura dun título dun conto, seguindo pistas.
 - Seguindo a pista dun personaxe histórico.
 - Emparellando personaxes.
 - Libros e outros materiais que se poden atopar nunha determinada sección da CDU
 - Títulos de libros (ou películas, CD-ROM) que poden ter información sobre un determinado tema.
 - Solucionarlle o problema a un determinado personaxe, buscándolle un libro que lle iría ben.
 - *Misterio na Biblioteca*: dadas unhas pistas, atopar o libro que falta.
 - *Xogo das preguntas encadeadas*.



- **Xogos para coñecer os distintos tipos de soportes documentais:**

Libros de ficción: álbumes, contos, novelas, poesía, teatro....

Dicionarios, enciclopedias, monografías, atlas

Xornais, revistas

Dossiers informativos

Coleccións de imaxes

Películas (vídeo ou DVD), diapositivas, cintas/discos de audio

Programas multimedia, internet

- Buscar os títulos dun mesmo autor para unha exposición.
- Buscar materiais sobre un tema, para unha exposición ou guía de lectura.
- Axudar a colocar un conxunto de libros da Biblioteca no seu lugar correspondente (*Terremoto na Biblioteca*)



- **Actividades para localizar información**

Identificar nun libro ou fonte informativa doutro tipo.

nome do autor/ilustrador

título

editorial

colección

lugar e data de edición

índice/sumario

outras informacións da capa/contracapa

escoller o documento en función do proxecto documental

empregar os índices, sumarios, capítulos... para a obtención da información.

- Buscar os títulos dun mesmo autor, dunha colección...
- Consultando os índices e sumarios dunha bibliografía dada, elaborar un *dossier* informativo para un tema concreto.
- A partir dun conxunto de textos, ordenalos e establecer un índice.
- Atopar un capítulo determinado que achegue información que se precisa
- Atopar o artigo dunha enciclopedia que contén o dato que se precisa.
- Realizar unha busca de información en Internet sobre un tema concreto.



Actividades que inciden nos contidos propios da educación das habilidades de información, para o alumnado de Primaria e 1º Ciclo de Secundaria

- **Actividades que propician a lectura comprensiva:** antes, durante, despois da lectura, nos textos narrativos (como oíntes e como lectores)
- **Lectura de imaxe:** fotografías, publicidade (en prensa, televisión e Internet); cómics, carteis.....
- **Traballo coa prensa (impresa ou virtual):**
 - xogos cos titulares de prensa: recortar palabras dos titulares, ou sintagmas, e elaborar novos titulares
 - poñerlle pé de foto a unha fotografía dada
 - realizar un debuxo para un pé de foto dado
 - adxudicar o pé de foto á imaxe correspondente
 - adxudicar a fotografía á noticia correspondente



- localizar nun atlas os lugares que aparecen no titular dunha noticia
- Atopar nunha noticia dada a resposta ás seis cuestións:
 ¿qué pasou?, ¿a quen lle pasou?, ¿cando pasou?, ¿onde pasou?, ¿por que pasou?, ¿cómo pasou?
- Iniciarse na redacción de noticias. Elaborar xornais-murais ou pequenos xornais fotocopiados, informatizados (un *blog* de noticias, unha sección na páxina web do colexio...)
- **Rexistrar datos** a partires das súas observacións da realidade (no horto escolar, no acuario, nunha saída, ao ver un documental....)
- Elaborar **textos libres** a partir das súas observacións
- **Identificar o tema** dun texto narrativo.
- **Identificar a idea principal** dun texto expositivo.
- **Subliñar** palabras que se lles pide en función dun criterio dado.
- Subliñar palabras "importantes" nun texto. Subliñar a frase que expresa a **idea principal** dun parágrafo.
- Nun pequeno texto expositivo/informativo, subliñar as frases que conteñen o **dato** que se precisa.
- Realizar un **esquema** cos títulos ou as palabras destacadas dun pequeno texto expositivo.
- Elaborar un **resume** dun texto expositivo/informativo
- Elaborar un **mapa conceptual** cos conceptos básicos do "proxecto" que se estea a traballar.
- Recoller en **fichas** pequenas informacións: datos, significados, resumes....
- **Reelaborar a información recollida**, de forma persoal, en pequenos **traballos monográficos**.
- Todo o proceso de elaboración dun **proxecto documental**:
 - Delimitar a materia sobre a que se vai elaborar o traballo
 - Identificar as fontes informativas necesarias
 - Buscar a información
 - Seleccionar as informacións atopadas relacionadas co tema, clasificalas, determinar as máis axeitadas
 - Tomar notas
 - Analizar a información recollida
 - Redactar o traballo final, seguindo un plan previo
 - Presentar a información de acordo cunhas normas básicas
 - Citar as fontes
- Outros:
 - Levar conta do seu horario de traballo. Anotar nunha **axenda** os proxectos previstos e as actividades pendentes.
 - Elaborar un diario de clase.